



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 544 664
Fax.: 981 544 543
Correo-e: cmati.infraestruturas@xunta.es

Axencia galega
de Infraestruturas

axi

galicia

Fixado no Fabeiro de Edictos

o día 16 de Xaneiro de 2015

Retirado o día _____ de 20_____

Ref.: sag

EXPEDIENTE: Mapas estratéxicos de ruído da zona de Barbanza - Nola

CLAVE: AC/13/040.09.1

ASUNTO: Información pública

CONCELLO DE RIANXO

Praza Castelao, 1

15920 RIANXO (Pontevedra)

DIA DO CONCELLO DE RIANXO

Registro Xeral

12 XAN. 2015

ENTRADA Nº 187

SAÍDA Nº

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a promover a segunda fase dos Mapas Estratégicos de Ruído das vías pertencentes á Rede Autonómica de Estradas de Galicia. Estes Mapas deséñanse para avaliar globalmente a exposición ao ruído nunha zona determinada debido á existencia de distintas fontes de ruído, realizar prediccións globais para dita zona e así mellorar a calidade acústica no noso entorno.

Por todo isto, e de conformidade co disposto na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a citada Lei, e no Real decreto 1038/2012, do 6 de xullo, polo que se modifica o Real decreto anterior, sométense a información pública durante un mes os mapas estratéxicos de ruído das estradas que a continuación se relacionan:

ESTRADA	ZONA DE BARBANZA - NOIA	TREITO/S	CLAVE	CONCELLO/S
AG-11	Padrón (N-550) - Ribeira (AC-550)	0+000 ao 40+060	AC/13/040.09.1	Padrón, Dodro, Rianxo, Boiro, A Pobra, Ribeira

Xunto con este escrito, e na súa calidade de concello afectado, achéganselle un exemplar en CD (un por cada clave) das actuacións arriba reflectidas, para que estea exposto ao público nese concello durante o prazo de dito mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia, período no que poderán ser examinados polas persoas que o desexen, co obxecto de formularen as alegacións ou suxestións que estimen oportunas.

A Axencia Galega de Infraestruturas ten activo un enderezo de correo electrónico: mapasruido.infraestruturas@xunta.es, para recibir alegacións ou suxestións; debendo indicar claramente á actuación á que van dirixidas e os datos persoais (nome e apelidos, NIF/CIF, enderezo de notificación, nº de teléfono e enderezo de correo electrónico) da/s persona/s interesada/s. Así mesmo, na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Infraestruturas_Estradas), atópase a disposición dos interesados o documento completo de cada un dos treitos.

Rematado o período de información pública, solicítolle a remisión ás oficinas desta Axencia Galega de Infraestruturas do certificado comprensivo de que o documento estivo a exposición pública durante o prazo establecido, facendo constar se houbo ou non alegacións e xuntando estas en caso afirmativo.

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2015



REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 1075 / RX 11327

Data 08/01/2015 12:22:36

